

Os resíduos

Os resíduos, tamén coñecidos co nome de lixo, refugo, broza, entullo... son obxectos e restos de obxectos e seres que se xeran durante a obtención, preparación e consumo de outros produtos ou eses mesmos obxectos e produtos cando por razóns diversas -desgaste, rotura- perden vixencia ou utilidade.



O lixo ten valor:

* Porque nel hai moitas cousas que se poden reutilizar ou reciclar

“Perto do 80% do utilizado na vida cotá bótase no lixo despois dunha soa utilización...menos do 30% dos recursos extraídos na natureza acaban sendo mercancia introducida no mercado”.

▽* Porque se tiran diariamente importantes cantidades de materias primas escasas na natureza

▽ -O lixo de Galicia vale máis de 66 millóns de euros. O valor recuperábel é de case 48 millóns.

▽* Porque a súa eliminación (recollida, procesamento...) é moi costosa.

-O tratamento de cada Tm de residuos sólidos custa de 80 a 90 euros.

-Un camión especial para a recollida do lixo vale arredor de 100.000 euros.

-Entre o 15 e o 20% dos presupostos municipais dos concellos galegos adicase á recollida, transporte e tratamento do lixo.

-O complexo das Somozas para o tratamento dos residuos sólidos de Galicia custou 150 millóns de euros.

* Porque o seu impacto sobre a natureza e os seres vivos é imposible de avaliar económicamente debemos tomar con el certas medidas.



Desde o 1 de maio do 1998 todo envasador ou distribuidor que comercialice un produto envasado no Estado Español ten que pagar para financiar a recollida de ese envase. Os envasadores que cumpren esa obriga poden identificar o seu envase co símbolo punto verde.



¡QUE LUXO DE LIXO! OS ENVASES

Os envases uns dos produtos máis abundantes no lixo (o 30% do peso e o 50% do volume) e neles gastamos entre un 10 e un 20% do total da compra diaria.

Cando mercamos un produto mercamos tamén o envase que, en moitos casos, ten un custo máis elevado que o propio produto.

Algúns artigos presentáanse no mercado cun dobre e ata un triple empaquetado polo que incrementan en gran medida o seu precio e o volume dos desperdicios.

Se o consumo se mantén nos niveis actuais ao longo da vida dunha persoa consúmense 9.000 kg de envases:

3.200 kg de papel

2.100 kg de vidro

1.500 kg de plásticos

630 kg de latas de aluminio e follalata

e o resto envases doutros materiais varios.



-O 75% dos envases prodúcense no consumo doméstico e o 25% no industrial

-Ata o 40% do lixo doméstico son envases.

-Desde 1960 os residuos xerados polos envases aumentaron nun 200%.



¡LIXO DE LUXO!

Os residuos son fonte de coñecemento. O estudo dos depósitos de residuos doutros tempos permiten un achegamento ás formas de vida de épocas pasadas e son posíbeis fontes de descubrimentos.

No xacemento de Atapuerca levaron ao descubrimento do *Homo antecesor*.

Cunchas e osos procedentes dun castro. Museo arqueolóxico da Coruña.



“Berro” de Manolo Paz. Dende a época cubista os artistas incorporan moitas veces obxectos do lixo nas súas obras.

